

O clan da loba
Maite Carranza Rodeira

Primeiro volume da colección "A guerra das bruxas". Desde tempos inmemoriais, os clans das bruxas Omar viviron agochándose das sanguinarias bruxas

Odish e agardando a chegada da elixida pola profecía. A súa protagonista, Anaíd, que viviu durante os seus catorce anos de vida apartada nunha vila do Pireneo, ignora os segredos que teñen que ver coas mulleres da súa familia...Cando o acabedes desexaredes ler os dous volumes seguintes..

As Lágrimas de Shiva

César Mallorquí
Ed. Rodeira

Todo comezou cun enigma: o misterio dun obxecto moi valioso que estivo perdido durante sete décadas: as Lágrimas de Shiva.




La bicicleta de Sumji
Amos Oz
Ed. Siruela

Sumji é un neno israelí de 11 anos, inquedo, intelixente e imaxinativo, ao que lle gusta escribir poesía. Un día, o seu tío Zémaj, regálalle unha bicicleta. Con esa bici soña chegar ao corazón de África.



El juramento de Torak.
Crónicas de la Prehistoria V
Paver Michelle
Ed. Salamandra

Quinta entrega da serie de libros de aventuras prehistóricas da autora, correctamente ambientada e con certa dose de intriga. Bale e Torak están montando garda nos arredores da aldea prehistórica na que viven, cando Torak decide marcharse, unha decisión que lle pesará moito porque, na súa ausencia, Bale cae polo precipicio e morre. Pero en realidade caeuse?



Alua.com
Care Santos Rodeira

Esta novela recrea e actualiza a historia de Cyrano de Bergerac. Unha obra intensa en todos os seus ingredientes: polas emocións que se viven, polas situacións levadas ao límite. É unha fiesta aberta ao mundo dos mozos de hoxe, cunha carga de naturalidade, compañeirismo e amor que moitas veces o mundo adulto négase a conceder aos mozos.



1º ESO
+ 2º ESO
+ 3º ESO

www.opacmeiga.rbgalicia.org

Rede de Bibliotecas de Galicia

<http://biblosar.blogaliza.org/>

Biblioteca
IES de Sar



Co bo tempo, tamén un bo libro



Melania Freire, 2º Bac. Artes

[Biblioteca]
[IES de Sar]

GUÍA DE LECTURAS
Verán 2009




Cando petan na porta pola noite
Xabier P. Docampo
Edicións Xerais de Galicia

Catro relatos de misterio compoñen este libro, nos que se mesturan o natural e o sobrenatural.

Relatos ambientados en


Galicia, en noites escuras... Historias de medo truculentas para “gozar sen medo aínda que sexan de medo” como nos di o propio autor.



Conta saldada
Suso de Toro
Ed. Alfaguara

A protagonista é unha moza, Catuxa, que descubre a causa da morte do seu pai. A aparición da pantasma do pai informa á rapaza de que foi asasinado e rompe coa versión

oficial que falaba de un suicidio.




Eskoria
Alfredo Gómez Cerdá
Ed. SM

Diego non sente distinto dos seus compañeiros de instituto, aínda que non lle gusten as mesmas cosas que a eles. Por iso non

entende que algúns non lle deixen en paz e empece a recibir todo tipo de ameazas. A súa mente lúcida trata de comprender os motivos do acoso ao que lle someten, pero resúltalle imposible. Sente que lle están empuxando cara a un pozo sen fondo.

La mujer de verde.
Arnaldur Indridason.
Ed. RBA.

Novela negra situada en Islandia. Uns obreiros da construción en Reykjavik atopan unha tumba mentres traballan. O inspector Erlendur e o seu equipo esperan que sexa un caso típico de desaparición pero as cousas non son tan sinxelas.



Mendel el de los libros.
Stefan Zweig.
El Acantilado.
Tradución: Berta Vias Mahou


Narra a historia dun excepcional e curioso libreiro de vello que pasa a súa vida recibindo libros e lectores na mesma mesa dun café vienés, nos comezos do século XX. Marabillosa!



Sueños en el umbral.
Memorias de una niña del harén.


Fátema Mernissi.
Ed. El Aleph.

Esta novela dános a coñecer como era a sociedade na época na que Marrocos atopábase aínda baixo dominio francés. Todo iso baixo a mirada dunha nena.



Como unha novela.
Daniel Pennac.
Ed. Anagrama.
Fala da animación a lectura dun modo diferente e atractivo. Imprescindible!!


Arrugas
Paco Roca.
Astiberri.
O tema deste cómic é a memoria e a perda da mesma, e como en gran medida somos o que somos en función do que recordamos de nós mesmos.



Herba Moura.
Teresa Moure.
Xerais.
Novela gañadora do Premio Xerais 2005, trasládanos, da man dun personaxe contemporáneo chamado Einés Andrade, ao século XVII, onde nos atopamos coa figura dun Descartes humano e fráxil –nunha perspectiva inédita do filósofo– e, sobre todo, coa figura de dúas mulleres: a raíña Christina de Suecia e Hélène Jans, unha entrañable meiga residente en Amsterdam.



Los girasoles ciegos.
Alberto Méndez.
Plaza edición.
Este libro é o regreso ás historias reais da posguerra. Está articulado en catro historias, catro derrotas segundo o autor, que transcorren nos difíciles anos que van de 1936 e 1942, e que aínda que son



independentes están habilmente entrelazadas entre si. Son historias do silencio, cando daba medo que alguén soubera que sabías.

Título da película:
Buda explotó por vergüenza.
Dirección: Hana Makhmalbaf.
Año de produción: 2007.
País: Irán.



Memoria de ciudades sen luz.
Inma López Silva.
Galaxia.

A autora transita A Coruña dos anos 30, a Barcelona bombardeada polos franquistas ou o París existencialista posterior á Segunda

Guerra Mundial.

A praia dos afogados.
Domingo Villar.
Galaxia.

Unha apaixonante obra de intriga que leva ao lector ao mundo da Galicia mariñeira, desde as praias das Rías Baixas á paisaxe urbana de Vigo. Coñece a nova aventura do inspector Leo Caldas. Intriga sen acougo.



Adult@s